



Contas Anuais

Exercicio 2015



I. Balance

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

BALANCES AO 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014 (Notas I a IV)

(Euros)

ACTIVO	Notas de Memoria	31/12/2015	31/12/2014	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas de Memoria	30/11/2015	31/12/2014
ACTIVO NON CORRENTE	V			PATRIMONIO NETO	IX		
Imobilizado intangible	V.1	84.873	87.080	Fondos Propios		47.011.785	48.618.719
Aplicación informática		44.100	34.500	Dedución Funcional / Fondo Social	IX.1	61.170.484	61.170.484
Outro imobilizado intangible		40.480	32.582	Excedente de exercicio anteriores		(12.551.760)	(401.847)
Bens do Patrimonio Histórico	V.2	273.887	323.887	Excedente do exercicio	IX.2	(1.606.930)	(12.129.922)
Arquivos		303.087	323.087	Subvencións, doazóns e legados recibidos	IX.3	228.833.223	236.539.383
Imobilizado material	V.3	244.144.830	248.877.248	Subvencións		307.917.786	213.148.017
Terras e construcións		208.441.068	209.271.762	Doazóns e Legados recibidos		20.915.428	7.382.245
Instalacións técnicas e Outro imobilizado material		35.693.753	39.605.484	Total patrimonio neto		375.843.098	289.149.617
Imobilizado en curso e Antigos		52.109	-				
Inversións financeiras a longo prazo	V8	16	16	PASIVO NON CORRENTE			
Outros activos financeiros		16	16	Provisións a longo prazo	X	764.418	394.430
Total activo non corrente		344.553.689	349.258.311	Outras provisións		764.418	394.430
				Débedas a longo prazo	X	87.436	84.188
ACTIVO CORRENTE				Outros pasivos financeiros		87.436	84.188
Exercencias	VII	41.283	111.039	Total pasivo non corrente		851.854	478.618
Bens destinados á actividade		41.256	111.039				
Debedores comerciais e outras contas a cobrar		21.847.913	21.892.430	PASIVO CORRENTE			
Cheques por vendas e prestacións de servizos		4.094	5.454	Débedas a curto prazo	II	3.447.393	942.744
Debedores varios	VIII	154.401	994.445	Outros pasivos financeiros		3.447.393	942.744
Outros créditos coas Administracións Públicas	VIII	21.488.808	20.852.534	Acreeedores comerciais e outras contas a pagar	II	1.725.781	1.698.776
Inversións financeiras a curto prazo	V8	3.227.900	-	Acreeedores varios		1.520.691	1.359.100
Outros activos financeiros		3.227.900	-	Outras débedas coas Administracións Públicas		205.030	330.626
Perdiñacións a curto prazo	VIII	2.319	1.767	Total pasivo corrente		6.173.014	2.641.520
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	VIII	41.335.882	1.045.741	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		381.669.872	291.790.137
Total activo corrente		38.516.309	23.910.982				
TOTAL ACTIVO		383.069.998	373.169.293				

As Notas I a XII descritas na Memoria adórganse como parte integrante do balance ao 31 de decembro de 2015.



II. Conta de resultados abreviada

FUNDACIÓN CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

CONTAS DE RESULTADOS ABREVIADAS DOS EXERCICIOS ANUAIS TERMINADOS

O 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 2014 (Notas I a IV)

(Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2015	Exercicio 2014
Ingresos da entidade pola actividade propia	IX.3	6.332.008	6.143.231
Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		1.776.862	1.800.000
Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados ao excedente do exercicio		4.555.156	4.343.231
Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	XIV	536.276	493.667
Aprovisionamentos	XIV	(156.092)	(31.337)
Gastos de persoal	XIV	(581.939)	(568.265)
Outros gastos da actividade	XIV	(6.331.221)	(6.626.939)
Amortización do inmovilizado	V.1 e V.2	(9.483.634)	(8.033.620)
Subvencións de capital, doazóns e legados recibidos traspasados a resultados do exercicio	IX.3	8.582.853	22.248.198
Excesos de provisións		416	76.048
Deterioración e resultado por enaxenación do inmovilizado		-	(24.669.897)
Deterioración e pérldas		-	45.935
Resultados por enaxenación e outras	V.2	-	(24.705.832)
Outros resultados	XIV	(509.342)	(386.468)
EXCEDENTE DA ACTIVIDADE		(1.611.676)	(12.134.282)
Ingresos financeiros		4.830	4.550
Gastos financeiros		(40)	(50)
Diferenzas de cambio		(145)	(140)
EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS		4.645	4.360
EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS		(1.606.930)	(12.129.922)
Imposto sobre beneficios	XII	-	-
EXCEDENTE DO EXERCICIO		(1.606.930)	(12.129.922)
VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETA RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO		(1.606.930)	(12.129.922)
Subvencións recibidas	IX.3	2.952.631	7.987.017
Donacións e legados recibidos	IX.3	13.133.083	-
Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto		16.086.714	7.987.017
Subvencións recibidas	IX.3	(8.582.853)	(22.248.198)
Reclasificacións ao excedente do exercicio		(8.582.853)	(22.248.198)
RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO		6.895.931	(26.391.103)

As Notas I a XXI descritas na Memoria adxunta forman parte integrante da conta de resultados abreviada correspondente ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2015.



III.-Memoria

I.- NATUREZA E ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, "a Fundación") constituíuse o 27 de decembro de 1999, figurando inscrita co número 73 no rexistro de fundacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O seu enderezo situase en Santiago de Compostela, no lugar de Monte Gaiás. O proceso de construción da Cidade da Cultura de Galicia, xunto coa actividade vencellada os edificios xa rematados, centrou as tarefas da Fundación nos exercicios 2015 e 2014.

A Fundación réxese polos seus Estatutos, pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións e pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades Sen Fins Lucrativos e dos incentivos Fiscais ao Mecenado, que ten por obxecto regulamentar o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos definidas na mesma, en consideración a súa función social, actividades e características. Esta Lei atópase desenrolada regulamentariamente polo Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para Aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais o Mecenado. O 2 de febreiro de 2009 publicouse o Decreto 14/2009 polo que se aproba o Regulamento da Fundacións de Interese Galego que ten por obxecto o desenrolo da Lei 12/2006 do 1 de decembro, en relación con determinados aspectos do réxime xurídico das fundacións de interese galego. Con data 21 de outubro de 2015, otorgouse escritura pública de adaptación dos Estatutos da Fundación a Lei 16/2010, de 17 de Decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico.

En materia de orzamentos, contabilidade e auditoría de contas, a Fundación réxese polo disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, polo R.D. 1491/2011 polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins lucrativos (refundida coa lexislación concordante na Resolución do ICAC de 26 de marzo de 2013 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos).

Por achegar a Xunta de Galicia a totalidade da Dotación Fundacional e recibir ingresos maioritariamente da mesma, a Fundación está suxeita ao previsto na Lei de Parlamento de Galicia, 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, así como a Resolución da Consellería de Economía do 31 de marzo de 1999 sobre control financeiro das fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data 2 de febreiro de 2009 publicouse o Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, mediante o que se potencia a natureza xurídica pública do Rexistro de Fundacións con



plena garantía da publicidade rexistral, regulando o procedemento de acceso de cara ao fomento da transparencia no mundo fundacional galego.

O obxecto principal da Fundación, segundo o artigo seis dos seus Estatutos é a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituían un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural.*

No marco actual, a Fundación, para a xestión e construción das obras da "Cidade da Cultura de Galicia" e o desenvolvemento da súa actividade, depende e seguirá dependendo no futuro de que a Xunta de Galicia lle siga achegando as subvencións de explotación e de capital necesarias para o desenvolvemento das súas actividades (véxase Nota IX.3), das achegas de calquera outro tipo de entidades públicas ou privadas así como dos ingresos propios da entidade.

Con data 3 de novembro de 2015, elevouse a público a escritura de Disolución, Liquidación e Extinción da Fundación Gaiás-Cidade da Cultura que, entre outros, declara á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, como a beneficiaria do patrimonio resultante da liquidación da primeira. Como resultado deste traspaso, a Fundación recibiu un total de 13.133.083 euros dos que, 3.227.900 euros están constituídos en imposicións con vencemento a curto prazo (véxase Nota VII) e o resto do importe corresponde a contas correntes (véxase Nota VIII). De acordo coa proposta de liquidación a Fundación Gaiás-Cidade da Cultura, existe un compromiso para a disposición dos fondos transferidos á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, que establece en 1.500.000 de euros a disposición para o exercicio 2016 e 1.000.000 de euros anuais a partir do exercicio 2017 así como o compromiso de utilización destes importes para a promoción de actividades culturais.

O Órgano de Goberno máximo da Fundación, que asume a súa dirección e control, é o Padroado. Ademais do Padroado, a Xerente realiza as xestións habituais da Fundación. O Padroado da Fundación está formado por un Presidente de Honor, un Presidente do Padroado, un Vicepresidente, un Secretario e 15 vogais. Durante o exercicio 2015 incorporáronse ao Padroado da Fundación tres novos vogais como representación da antiga Fundación Gaiás-Cidade da Cultura.

Para o cumprimento do devandito obxecto, a Fundación comezou as súas operacións no exercicio da súa constitución, dividindo a súa actividade en exercicios coincidentes cos anos naturais.

Dada a actividade á que se dedica a Fundación, non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e continxencias de natureza medioambiental, que puideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e mailos resultados. Por isto, non se inclúen desagregacións específicas na presente Memoria das Contas Anuais respecto á información de cuestións medio ambientais.



II.-BASEAMENTO DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1.- MARCO NORMATIVO DE INFORMACIÓN FINANCEIRA APLICABLE A FUNDACIÓN

Estas contas anuais fórmulanse pola Xerente da Fundación de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á Fundación, que é o establecido en:

1. No Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007 e modificacións posteriores, en especial as adaptacións do mesmo as Entidades sen fins lucrativos (R.D. 1491/2011) e a Resolución de 26 de marzo de 2013 do ICAC polo que se aproba o Plano Xeral de Contabilidade deste tipo de entidades.
2. Nas normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas no desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
3. Na lexislación específica de Entidades non lucrativas.

Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e desenvolvemento normativo contido no Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, así como, en determinados preceptos, Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, desenvolto polo Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal.

4. Outra lexislación.

As demais disposicións que resulten aplicables pola súa condición de fundación pública e, especialmente, o que se estableza polas distintas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma.

2.- IMAXE FIEL

As presentes Contas Anuais preséntanse de acordo co marco normativo da información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables que nel se recollen, ao obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e dos recursos procedentes e aplicados nas operacións da Fundación no exercicio correspondente.

A Xerencia estima que as presentes Contas Anuais serán aprobadas polo Padroado sen variacións significativas.

As contas anuais do exercicio foron formuladas pola Xerente da Fundación seguindo o formato normal do Balance e da Memoria e abreviado para a Conta de Resultados, de conformidade coa normativa vixente.



Por outra banda, as Contas Anuais do exercicio 2014 foron aprobadas polo Padroado con data 12 de xuño de 2015.

3.- PRINCIPIOS CONTABLES

As contas anuais preparáronse en base aos principios e criterios de contabilidade xeralmente aceptados. Non existe ningún principio contable que, sendo obrigatorio, se deixara de aplicar.

4.- CONTAS ANUAIS

As presentes Contas Anuais preséntanse en formato normal para o Balance e a Memoria, e abreviado para a Conta de Resultados, dado que deste xeito establece o artigo 25.3 da Lei de Fundacións, en relación a los artigos 6 y 7 R.D. 1491/2011 e a citada resolución do ICAC do 26 de marzo de 2013.

5.- RESPONSABILIDAD DA INFORMACIÓN E ESTIMACIONES REALIZADAS

A información incluída nestas Contas Anuais é responsabilidade da Xerencia da Fundación.

Nas Contas Anuais do exercicio 2015 téñense utilizado, en ocasións, estimacións realizadas pola Xerencia da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nelas. Basicamente, estas estimacións, realizadas en función da mellor información dispoñible, refírense a:

- A avaliación de posibles perdas por deterioración de determinados activos.
- A vida útil dos activos materiais e intanxibles.
- O cálculo de provisións e estimación de continxencias.

A pesar de que estas estimacións se teñen realizado en función da mellor información dispoñible ao 31 de decembro de 2015, é posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (*á alza ou á baixa*) nos próximos exercicios, o que se realizaría, no seu caso, de xeito prospectivo, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas contas de resultados dos exercicios afectados.

6.- COMPARACIÓN DA INFORMACIÓN

A información relativa ao exercicio 2014 que se inclúe nas presentes Contas Anuais preséntase, única e exclusivamente, a efectos comparativos coa información do exercicio 2015. Cando é necesario realízanse as desagregacións necesarias ao obxecto de facilitar a comparación da información.



7.- AGRUPACIÓN DE PARTIDAS

Determinadas partidas do Balance e da Conta de Resultados Abreviada preséntanse de forma agrupada para facilitar a súa comprensión, se ben, na medida que sexa significativa, inclúese a información desagregada nas correspondentes notas da Memoria.

8.- CORRECCIÓN DE ERROS

Na elaboración das contas anuais do exercicio 2015 no se detectou ningún erro significativo que supoña a reexpressión dos importes incluídos nas contas anuais do exercicio 2014.

9.- CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES

Durante o exercicio 2015 non houbo cambios en criterios contables significativos, respecto dos aplicados no exercicio 2014.

10.- CONTAS ANUAIS CONSOLIDADAS

Ao 31 de decembro do 2015, a Fundación non está na obriga, de acordo co contido do artigo 42 do Código de Comercio, de formular contas anuais consolidadas por non ser dominante dun grupo, nin ser a de maior activo á data de primeira consolidación en relación co grupo ao que pertence.

III.- DISTRIBUCIÓN DO EXCEDENTE

A Fundación ten establecido nos seus Estatutos que destinará á realización dos fins fundacionais o oitenta por cento das rendas e de calquera outro ingreso neto que, previa dedución de impostos, obteña a Fundación, debéndose destinar o resto deducidos os gastos de administración, a incrementar a dotación inicial.

A proposta de aplicación do excedente negativo do exercicio 2015 formulada pola Xerente da Fundación, que se someterá á aprobación do Padroado, así como a aplicación do excedente negativo do exercicio 2014 aprobada polo Padroado da Fundación, indícanse a continuación:



Base de Reparto	Euros	
	2015	2014
Excedente do exercicio	-1.606.930	-12.129.922

Aplicación	Euros	
	2015	2014
Excedentes de exercicios anteriores	-1.606.930	-12.129.922

IV.- NORMAS DE VALORACIÓN

1.- Inmobilizado Intanxible

As aplicacións informáticas valóranse polo seu custo de adquisición e amortízanse de forma lineal durante os cinco anos que esta prevista a súa utilización. Os custos de mantemento lévanse a gasto no momento en que se incorre neles.

A propiedade industrial valórase polo seu custo de adquisición e preséntase neta da súa correspondente amortización acumulada, que se calcula de xeito lineal durante o período de cinco anos.

2.- Inmobilizado Material

Os bens de inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo son os que se posúen cunha finalidade diferente da de xerar un rendemento comercial, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran eses activos e que benefician á colectividade, é dicir, o seu beneficio social ou potencial de servizo.

O inmovilizado material recóllese polo seu custo de adquisición, no que se inclúe o especificado na factura de compra, os gastos de transporte, seguro e alfándegas (se as houberse), impostos non recuperables (cando proceda), e máis instalacións e posta en marcha, así coma os impostos indirectos cando non son especificamente deducibles de acordo coa lexislación fiscal.

As ampliacións e melloras activaranse unicamente cando amplíen a vida útil do ben. As reparacións menores e o mantemento considéranse gastos do exercicio. Ningunha partida do activo foi regularizada nin actualizada e non se adquiriu ben ningún servíndose do arrendamento financeiro. Non se activaron gastos financeiros.

As amortizacións calcularanse de modo lineal en función da vida útil estimada para os distintos bens, dentro dos límites establecidos no anexo ao RIS aprobado polo Real Decreto 537/97, iniciándose no exercicio no que os distintos bens entran en funcionamento, sen que se faga uso das posibilidades de acelerar as amortizacións previstas pola lexislación. A amortización realízase segundo os seguintes coeficientes:



Construcións	2%
Instalacións técnicas	10%
Outras instalacións	5% - 12%
Mobiliario	8% - 10%
Equipos proceso información	25%
Elementos de transporte	16%
Outro inmovilizado material	8% - 12%

Cando o valor contable dun activo é superior ao seu importe recuperable estimado, o seu valor redúcese de forma inmediata ata o seu importe recuperable (véxase Nota IV.3).

Con certa periodicidade, procédese a revisar a vida útil estimada dos elementos do inmovilizado material, de cara a detectar cambios significativos nas mesmas que, no caso de producirse, se axustan mediante a correspondente corrección do cargo á Conta de Resultados de exercicios futuros, en concepto da súa amortización, en virtude das novas vidas útiles.

Os bens integrantes do Patrimonio Histórico valóranse polo seu custo de adquisición e non se amortizan, na medida que se consideran non suxeitos a depreciación.

3.- Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros

Como mínimo ao peche do exercicio, e sempre que algún suceso ou cambio nas circunstancias indique que a valor contable pode non ser recuperable, os activos suxeitos a amortización sométense a probas de perdas por deterioración. A entidade avaliará se existen indicios de que algún inmovilizado material poida estar deteriorado, estimando os seus importes recuperables efectuando as correccións valorativas que procedan.

Producirase una perda por deterioración do valor dun elemento do inmovilizado material non xerador de fluxos de efectivo cando o seu valor contable supere ao seu importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venda e o seu valor en uso. A tal efecto, o valor en uso determinarase por referencia ao custe de reposición.

As correccións valorativas por deterioración dos elementos do inmovilizado material, e a a súa reversión cando as circunstancias que as motivaron deixaran de existir, recoñeceranse coma un gasto ou un ingreso, respectivamente, na Conta de Resultados Abreviada. A reversión da deterioración terá como límite o valor contable do inmovilizado que estaría recoñecido na data de reversión se non se houbera rexistrado deterioración do valor.



Aos efectos de avaliar as perdas por deterioración do valor, os activos agrúpanse ao nivel mais baixo para o que hai fluxos de efectivo identificables por separado (unidades xeradoras de efectivo). Se non fora posible estimar o importe recuperable de cada ben individual, a entidade determinará o importe recuperable da unidade de explotación o servizo á que pertenza cada elemento do inmovilizado.

A deterioración do valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo é a perda de potencia de servizo dun activo, diferente á depreciación sistemática e regular que constitúe a amortización. A deterioración responde, polo tanto, a una diminución na utilidade que proporciona o activo á entidade que o controla.

Os activos non financeiros, distintos do fondo de comercio, que sufriran unha perda por deterioración se someten a revisións a cada data de Balance por si se tiveran producido reversiones da perda.

4.- Activos financeiros

Préstamos e partidas a cobrar:

Os préstamos e partidas a cobrar son activos financeiros non derivados con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo. Inclúense en activos correntes, agás para vencementos superiores a 12 meses desde a data do Balance en que se clasifican como activos non correntes. Os préstamos e partidas a cobrar inclúense no epígrafe "Outros Debedores" do Balance.

Estes activos financeiros valóranse inicialmente polo seu valor razoable, incluídos os custos de transacción que lles sexan directamente imputables, e posteriormente a custo amortizado recoñecendo os intereses devindicados en función do seu tipo de interese efectivo, entendido como o tipo de actualización que iguala o valor en libros do instrumento coa totalidade dos seus fluxos de efectivo estimados ata o seu vencemento. Non obstante o anterior, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano valóranse, tanto no momento do recoñecemento inicial como posteriormente, polo seu valor nominal, sempre que o efecto de non actualizar os fluxos non sexa significativo.

Cando menos ao peche do exercicio, efectúanse as correccións valorativas necesarias por deterioración de valor si existe evidencia obxectiva de que non se cobrarán todos os importes que se adebedan.

En particular, e respecto as correccións valorativas relativas aos debedores da actividade propia, comerciais e outras contas a cobrar, o criterio empregado pola Fundación para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houbera, é estimar o importe recuperable das mesmas en función da antigüidade da débeda e solvencia do debedor.

A Fundación da de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e



transferíronse substancialmente os riscos e beneficios inherentes a súa propiedade, tales como as vendas en firme de activos e cesión de créditos.

5.- Pasivos Financeiros

Débitos e partidas a pagar:

Esta categoría inclúe débitos por operacións comerciais e débitos por operacións non comerciais. Estes recursos alleos clasifícanse como pasivos correntes, agás que a Fundación teña un dereito incondicional a diferir a súa liquidación durante cando menos 12 meses despois da data do Balance.

Estas débedas recoñécense inicialmente ao seu valor razoable axustado polos custos de transacción directamente imputables, rexístrándose posteriormente polo seu custo amortizado segundo o método do tipo de interese efectivo. Dito interese efectivo é o tipo de actualización que iguala o valor en libros do instrumento coa corrente esperada de pagos futuros previstos ata o vencemento do pasivo.

Non obstante o anterior, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de interese contractual valóranse, tanto no momento inicial como posteriormente, polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

No caso de producirse renegociación de débedas existentes, considérase que non existen modificacións substanciais do pasivo financeiro cando o prestamista do novo préstamo é o mesmo que o que concedeu o préstamo inicial e o valor actual dos fluxos de efectivo, incluíndo as comisión netas, non difiren en máis dun 10% do valor actual dos fluxos de efectivo pendentes de pagar do pasivo orixinal calculado baixo ese mesmo método.

A Fundación dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigas que os xeraron.

6.- Subvencións, Doazóns e Legados recibidos

As subvencións que teñen carácter de reintegrables rexístranse como pasivos ata cumprir as condicións para considerarse non reintegrables, mentres que as subvencións non reintegrables rexístranse como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e se recoñecen como ingresos sobre unha base sistemática e racional, de forma correlacionada cos gastos derivados da subvención.

A estes efectos, unha subvención considérase non reintegrable cando existe un acordo individualizado de concesión da subvención, cúmplense todas as condicións establecidas para a súa concesión e non existen dúbidas razoables de que se cobrará.



As subvencións de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido e as subvencións non monetarias polo valor razoable do ben recibido, referidos ambos valores ao momento do seu recoñecemento.

As subvencións non reintegrables relacionadas coa adquisición de inmovilizado intanxible e material impútanse como ingresos do exercicio en proporción á amortización dos correspondentes activos ou, no seu caso, cando se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa no Balance. Pola súa banda, as subvencións non reintegrables relacionadas con gastos específicos recoñécense na Conta de Resultados Abreviada no mesmo exercicio en que se devindican os correspondentes gastos e as concedidas para compensar déficit de explotación no exercicio en que se conceden, agás cando se destinan a compensar déficit de explotación de exercicios futuros, en cuxo caso, se imputan en ditos exercicios.

7.- Provisións e continxencias

Na formulación das contas anuais, a Xerente da Fundación diferencia entre:

- a. Provisións: saldos acredores que cobren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, cuxa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ao seu importe e/ou momento de cancelación.
- b. Pasivos continxentes: obrigas posibles xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura está condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Fundación.

A Fundación segue o criterio de rexistrar provisións para eventuais responsabilidades, litixios ou demandas que se puideran derivar do desenvolvemento da súa actividade, con cargo ao resultado do exercicio ou o inmovilizado da Fundación segundo se traten ou non de custos activables como maior valor do inmovilizado.

O Balance recolle todas as provisións con respecto as cales estima que a probabilidade de que se teña que atender as obrigas é maior que do contrario.

Os pasivos continxentes non se recoñecen nas contas anuais, senón que se informa sobre estes nas notas da memoria, na medida que non sexan considerados como remotos.



8.- Indemnizacións por despedimento

Agás no caso de causa xustificada, a Fundación está obrigada a indemnizar aos seus empregados cando prescinde dos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal de emprego e dado que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagamentos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar o despedimento.

9.- Imposto sobre sociedades

A Fundación ten recoñecido pola Administración Tributaria o dereito á aplicación do réxime fiscal previsto para as fundacións na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais o Mecenado, que regula o réxime fiscal deste tipo de entidades a efectos do Imposto de Sociedades e dos tributos locais e o Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a Aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado que supón a exención a efectos de tributación polo Imposto de Sociedades e dentro dos límites legalmente establecidos, das doazóns e legados recibidos para colaborar nos fins fundacionais; das cotas satisfeitas por colaboradores ou benfeitores, das subvencións non destinadas a financiar explotacións económicas non exentas; as derivadas do patrimonio mobiliario e inmobiliario; as derivadas de adquisicións ou transmisións por calquera título; as obtidas de explotacións económicas exentas nos termos do artigo 7 da devandita Lei; e máis as que deban ser atribuídas ou imputadas á entidade e que procedan de rendas exentas.

O gasto polo Imposto sobre Sociedades calcúlase xa que logo en función do resultado económico antes dos impostos, aumentado ou diminuído, segundo corresponda, polas diferenzas permanentes co resultado fiscal, entendendo este como a base imponible do devandito imposto e minorado coas bonificacións e deducións na cota, deixando fóra as retencións e máis os pagamentos a conta.

10.- Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos se imputan en función do criterio do devindicado, e dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada dos mesmos. Os ingresos se calculan polo valor razoable da contraprestación recibida, deducidos descontos e impostos.

Seguindo o Principio de Prudencia, a Fundación unicamente contabiliza os beneficios realizados a data do peche do exercicio, en tanto que os riscos previsible e as perdas, aínda as eventuais, contabilízanse cando son coñecidas.

En termos xerais, o IVE soportado nas compras e gastos rexístrase como maior importe dos mesmos, agás o relacionado ás explotacións económicas a criterio da AEAT, plasmado en acta de inspección (véxase Nota XII).



11.- Clasificación de activos e pasivos como correntes e non correntes

Considéranse activos correntes aqueles vinculados ao ciclo normal de explotación que con carácter xeral considérase dun ano, tamén aquel outros activos cuxo vencemento, venda ou realización se espera que se produza no curto prazo desde a data de peche do exercicio. Os activos que non cumpren estes requisitos cualifícanse como non correntes.

Do mesmo xeito, son pasivos correntes os vinculados ao ciclo normal de explotación, que con carácter xeral considéranse aqueles cuxo prazo de liquidación sexa inferior ao ano e en xeral todas as obrigas cuxo vencemento ou extinción se produza no curto prazo. En caso contrario, cualifícanse como non correntes.

12.- Aspectos Medioambientais

Os gastos relacionados coas accións levadas a cabo pola Fundación en materia de medio ambiente son imputadas ao resultado no exercicio no que se producen.

No caso de que ditas accións supoñan a adquisición, renovación, ampliación ou mellora de un inmovilizado, serían activadas no inmovilizado da Fundación aplicando os mesmos criterios de amortización que para as inmovilizacións materiais.

13.- Liquidación do orzamento

O orzamento da Fundación correspondente ao exercicio 2015 elaborouse seguindo o Principio do Devindicado, segundo o establece a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, desenvolta polo Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, de maneira que os ingresos e gastos orzamentarios recóllense en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Nos gastos e ingresos orzamentarios diferéncianse dous niveis segundo a natureza das operacións que dan orixe a estas. Así aparecen, en primeiro lugar, as operacións de funcionamento, que corresponden ás recollidas na Conta de Resultados Abreviada logrando desta forma a conciliación entre o resultado contable e a liquidación desta parte do orzamento, e en segundo termo aquelas relacionadas coas magnitudes fondo, para as que se empregan as partidas do Balance que poidan producir variacións orzamentarias.



V.- ACTIVO NON CORRENTE

1.- INMOBILIZADO INTANXIBLE

Os movementos durante os exercicios 2014 e 2015 nas distintas contas do inmovilizado intanxible recóllense no seguinte cadro:

2014	SALDO 01/01/2014	ADICIÓN	SALDO 31/12/2014
PROPIEDAD INDUSTRIAL	713.108	5.932	719.040
APLICACIÓN INFORMÁTICAS	1.285.946	17.600	1.303.546
SUBTOTAL	1.999.054	23.532	2.022.586
AMORTIZACION ACUMULADA	-1.903.977	-61.547	-1.965.524
TOTAL	95.077	-38.015	57.062

2015	SALDO 01/01/2015	ADICIÓN	SALDO 31/12/2015
PROPIEDAD INDUSTRIAL	719.040	14.426	733.466
APLICACIÓN INFORMÁTICAS	1.303.546	35.512	1.339.058
SUBTOTAL	2.022.586	49.938	2.072.524
AMORTIZACION ACUMULADA	-1.965.524	-22.325	-1.987.849
TOTAL	57.062	27.613	84.675

As adicións tanto no exercicio 2014 como 2015 correspóndense, principalmente, con diversas adquisición de licencias de software e máis con marcas e dereitos de propiedade intelectual relacionadas coa Cidade da Cultura.

Ao 31 de decembro de 2015 e 2014, a Fundación mantiña en explotación determinados bens do inmovilizado intanxible totalmente amortizados, cuxos valores totais de custo e da súa correspondente amortización acumulada ascenden a 2.133.377 e 2.089.689 euros, respectivamente, segundo o seguinte detalle:

Descrición	Euros	
	2015	2014
Aplicacións informáticas	1.281.238	1.237.550
Propiedade industrial	852.139	852.139
Total	2.133.377	2.089.689



2.- INMOBILIZADO MATERIAL

Os movementos durante os exercicios 2015 e 2014 nas distintas contas do inmovilizado material, recóllense no seguinte cadro:

2014	SALDO	ADICIÓN	TRASPASOS	SALDO
	01/01/2014		RETIROS	31/12/2014
TERREOS	4.474.986	3.094.776	- 30.055	7.539.707
CONSTRUCCIÓN	182.849.695	1.427.024	31.723.922	216.000.641
INSTALACIÓN TÉCNICAS	48.879	169.449	-	218.328
OUTRAS INSTALACIÓN	51.276.936	1.111	-	51.278.047
MOBILIARIO	2.795.484	168.097	-	2.963.581
EQUIPOS PROC. INFORMACION	1.458.176	1.996	-	1.460.172
ELEMENTOS TRANSPORTE	30.000	-	-	30.000
OUTRO INMOBILIZADO	3.636.402	105.107	-	3.741.509
INMOBILIZADO EN CURSO	53.497.969	2.931.785	- 31.723.922	24.705.832
SUBTOTAL	300.068.527	7.899.345	- 30.055	307.937.817
BENS DO PATRIMONIO HISTORICO	323.987	-	-	323.987
TOTAL	300.392.514	7.899.345	- 30.055	308.261.804

2015	SALDO	ADICIÓN	SALDO
	01/01/2015		31/12/2015
TERREOS	7.539.707	-	7.539.707
CONSTRUCCIÓN	216.000.641	3.493.751	219.494.392
INSTALACIÓN TÉCNICAS	218.328	257.746	476.074
OUTRAS INSTALACIÓN	51.278.047	722.348	52.000.395
MOBILIARIO	2.963.581	80.486	3.044.067
EQUIPOS PROC. INFORMACION	1.460.172	23.434	1.483.606
ELEMENTOS TRANSPORTE	30.000	-	30.000
OUTRO INMOBILIZADO	3.741.509	98.919	3.840.428
INMOBILIZADO EN CURSO	24.705.832	52.169	24.758.001
SUBTOTAL	307.937.817	4.728.853	312.666.670
BENS DO PATRIMONIO HISTORICO	323.987	-	323.987
TOTAL	308.261.804	4.728.853	312.990.657

No relativo á amortización acumulada, os movementos nos exercicios 2014 e 2015 recóllense no seguinte cadro:



2014	SALDO	ADICIONS	TRASPASOS	SALDO
	01/01/2014		RETIROS	31/12/2014
CONSTRUCCIONS	-10.612.085	-3.656.501	0	-14.268.586
INSTALACIONES TECNICAS	-10.988	-9.797	0	-20.785
OUTRAS INSTALACIONES	-10.513.481	-4.557.600	0	-15.071.081
MOBILIARIO	-953.723	-272.812	0	-1.226.535
EQUIPOS PROC. INFORMACION	-1.209.269	-138.011	0	-1.347.280
ELEMENTOS TRANSPORTE	-30.000	0	0	-30.000
OUTRO INMOBILIZADO	-2.153.220	-237.252	0	-2.390.472
SUBTOTAL	-25.482.766	-8.871.973	0	-34.354.739

2015	SALDO	ADICIONS	SALDO
	01/01/2015		31/12/2015
CONSTRUCCIONS	-14.268.586	-4.323.545	-18.592.131
INSTALACIONES TECNICAS	-20.785	-16.734	-37.519
OUTRAS INSTALACIONES	-15.071.081	-4.557.157	-19.628.238
MOBILIARIO	-1.226.535	-279.715	-1.506.250
EQUIPOS PROC. INFORMACION	-1.347.280	-107.014	-1.454.294
ELEMENTOS TRANSPORTE	-30.000	0	-30.000
OUTRO INMOBILIZADO	-2.390.472	-177.044	-2.567.516
SUBTOTAL	-34.354.739	-9.461.209	-43.815.948

Así mesmo, os movementos na deterioración no exercicios 2015 e 2014 recóllense no seguinte cadro:

2014	SALDO	ADICIONS	TRASPASOS	SALDO
	01/01/2014		RETIROS	31/12/2014
INMOBILIZADO EN CURSO	0	-24.705.832	0	-24.705.832
SUBTOTAL	0	-24.705.832	0	-24.705.832

2015	SALDO	ADICIONS	SALDO
	01/01/2015		31/12/2015
INMOBILIZADO EN CURSO	-24.705.832	0	-24.705.832
SUBTOTAL	-24.705.832	0	-24.705.832

No epígrafe "Terreos" recóllense os bens cedidos gratuitamente por Caixa Galicia (agora, Abanca) á Fundación Cidade da Cultura de Galicia e sobre os cales aséntase parte da Cidade da Cultura. A superficie dos devanditos terreos é de 431.138 m² e o valor de cesión ascendeu a 4.271.155 euros (véxase Nota IX.3).

Por outra banda, no exercicio 2014 rexistrouse o custe asociado a 260.827 m² do resto de terreo onde se asenta a Cidade da Cultura de Galicia, que foran expropiados



pola Xunta de Galicia e dos que a Entidade foi nomeada como beneficiaria. O valor asignado correspóndese co aboado pola Administración no proceso expropiatorio, que ascendeu a 3.094.776 euros. Correlativamente, rexistrouse a corresponde doazón polo mesmo importe dentro da partida "Doazóns e Legados", dentro da rúbrica do Patrimonio Neto do Balance correspondente o exercicio 2014 (véxase Nota IX.3).

A baixa rexistrada dentro desta partida durante o exercicio 2014, correspóndese coa enaxenación por expropiación de 2.533 m² por importe de 75.990 euros, para a ampliación e construción de accesos a Cidade da Cultura de Galicia dende a autopista AP-9 o seu paso por Santiago de Compostela.

Do cadro anterior infírese que as principais adicións no resto dos epígrafes do inmovilizado material nos exercicios 2015 e 2014, correspóndense na súa meirande parte, como non podería ser doutro xeito, coa obra executada e máis os traballos de proxectos, equipamento e controis de calidade das obras da Cidade da Cultura de Galicia.

A construtora do Museo ten presentada reclamación xudicial por non estar de acordo coas partidas integrantes da liquidación final da obra. A xuízo dos asesores da Fundación, a devandita reclamación ten poucos visos de prosperar, agás naquelas partidas relativas a medicións e similares, posto que boa parte do importe reclamado por dita construtora é un concepto que no propio prego de cláusulas administrativas e no contrato asinado está expresamente excluído (revisión de prezos) ou incluso se reclama duplicadamente (sobrecostos). O Xulgado de Primeira Instancia número 3 de Santiago de Compostela, mediante Auto de 28 de outubro de 2014, declarou a falta de xurisdicción do xulgado para coñecer da acción sobre a declaración de nulidade sobre a cláusula do prego na que se sinalaba a improcedencia da revisión de prezos, ao corresponder o coñecemento desta circunstancia á xurisdicción contencioso-administrativa. O día 26 de febreiro de 2015, a construtora do Museo presentou escrito no rexistro da Fundación con carácter previo á vía contencioso-administrativa, alegando a nulidade da cláusula 46 do prego de condicións particulares e esixindo unha indemnización equivalente á liquidación por revisión de prezos por importe de 9.371.195,72 euros. Nembargantes, non consta actualmente ningunha demanda contencioso-administrativa a tales efectos. Con todo, a Fundación como incremento do custe do inmovilizado ten rexistrado o importe de 1.834.159 euros, que a xuízo do departamento técnico e o que procede de liquidación, e máis rexistrou, con cargo ao epígrafe "Outros Resultados" da Conta de Perdas e Ganancias que se xunta a estimación dos xuros por importe de 158.159 euros. Con data 11 de maio de 2016, o Xulgado de Primeira Instancia número 3 de Santiago de Compostela, ditou sentenza que estima parcialmente a demanda interposta pola construtora e condena a Fundación ao pagamento de 1.834.159 euros, importe que coincide coa estimación de pagamento da Fundación. A sentenza de data 11 de maio de 2016 é recurrible pero á data de formulación destas contas anuais non se coñecía a presentación de recurso pola parte demandante.

No epígrafe "Outro Inmovilizado" recóllense principalmente os libros que están sendo adquiridos pola Fundación para a súa posterior localización no edificio da Biblioteca.



Os Bens do Patrimonio Histórico correspóndense, na súa meirande parte, con arquivos e bibliotecas catalogados como bens desta natureza, valorados polo seu custo de adquisición e que non se amortizan, na medida que se considera que a perda de valor, se a houbera, sería por deterioro, circunstancia que non se ten dado.

Ao peche do exercicio, os distintos proxectos encontrábanse no seguinte grao de execución: os traballos de explanación e rasanteo, a Galería de Servizos, as Torres de Hejduk, o Centro de Emprendemento Creativo, a Fase I da Urbanización, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Museo Centro Gaiás e o Centro de Innovación Cultural, ao 100% e a Fase II da Urbanización ao 80%. Iniciáronse no exercicio 2014 os traballos previos correspondentes o Bosque de Galicia, se ben a súa execución comezou a ter relevancia contable significativa xa no exercicio 2015. Así mesmo, xa estará en funcionamento á data de aprobación das presentes Contas Anuais, a Área de Lecer Norte e o Parque Infantil, o Xardín Literario e a mellora da eficiencia enerxética do CPDI da Amtega.

Durante o exercicio 2013, o Parlamento de Galicia aprobou unha moción para a suspensión definitiva das obras dos dous edificios que se encontraban en curso a dita data, que se corresponden cos edificios do Teatro da Música e o Centro de Arte Internacional (cun grado de execución respectivo do 17 e o 8%). Con orixe en dito feito, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia, na sesión do 13 de febreiro de 2014, autorizou ao Padroado da Fundación á resolución por mutuo acordo dos contratos de construción, sobre a base dos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, así como sobre a conformidade manifestada polo contratista de cada un dos centros.

O inicio do expediente de resolución por mutuo acordo foi acordado na reunión do Padroado da Fundación celebrada o 19 de decembro de 2013, acordando este mesmo órgano, tras a autorización do Consello de Goberno da Xunta anteriormente comentada, a resolución por mutuo acordo con data 4 de marzo de 2014.

Con data 9 de abril de 2014, con orixe nos acordos e resolucións anteriores, formalizáronse ambos os dous acordos coas respectivas contratistas para a resolución por mutuo acordo dos contratos de execución das obras do Teatro da Música e para o Centro de Arte Internacional.

Entre outros puntos, na formalización da resolución por mutuo acordo determinase que os contratistas renuncian a indemnización algunha, se ben recoñecendo o dereito á liquidación das obras realizadas en conformidade ao proxecto de referencia, levando asociada dita renuncia á indemnización das cantidades establecidas e outorgamento dunha opción para a constitución dun dereito real de superficie sobre os terreos afectados polas obras como valor equivalente á citada indemnización.

A valoración da contraprestación recíproca estableceuse en 2.979.621 euros para o Teatro da Música e en 1.255.927 euros para Centro de Arte Internacional.

A mencionada opción para a constitución dun dereito real de superficie sobre os terreos afectados polas obras foi concedida conxuntamente ás adxudicatarias do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional, sempre que as Unións Temporais de Empresas contratistas formularan a su conformidade coa tramitación de dito



procedemento. No entanto, no caso de que só unha das contratistas aceptara, o dereito sería concedido aos membros da UTE.

Os adxudicatarios dispoñían até o 31 de decembro de 2014 para presentar de forma conxunta os proxectos oportunos para o uso destes terreos, os cales debían manter o volume e configuración exterior simplificada.

Rematado o antedito prazo, os adxudicatarios non presentaron os proxectos, o que determinou a caducidade do devandito dereito de superficie.

Como consecuencia da paralización do proxectos dos dous edificios en construción, e á vista do vencemento do dereito de superficie concedido aos adxudicatarios, a Fundación procedeu a reestimar á data de peche do exercicio 2014 a imputación inicialmente realizada dos custes comúns da construción do proxecto Cidade da Cultura de Galicia e reclasificou, en consecuencia, os custes a imputar aos edificios finalizados. Derivado desta análise, no exercicio 2014, distribuíronse custes xerais aos edificios en funcionamento por importe total de 31.723.922 euros. Adicionalmente, e seguindo o criterio de prudencia que aplica a Fundación nas súas políticas contables, rexistrouse, con cargo á conta de perdas e ganancias adxunta, unha deterioración por importe de 24.705.832 euros correspondentes ao valor da obra executada ata a data nos dous edificios paralizados, tendo en conta a súa reversibilidade que se producirá no momento que se retomen as obras ou se despexe o futuro desa parte do proxecto. Así mesmo, rexistrouse a corresponde imputación de subvencións a Conta de Resultados Abreviada.

A data de peche do exercicio 2015, non existen compromisos de inmovilizado significativos pendentes de execución.

Como información adicional, aplicable tanto ao inmovilizado intanxible como ao inmovilizado material e aos Bens do Patrimonio Histórico, cabe salientar que:

- A Fundación non é titular de activos fóra do territorio nacional.
- Non se activaron intereses nin diferenzas de cambio.
- Non existen activos materiais reversibles nin afectos a garantías.
- Ningún ben da Fundación está suxeito a embargo ou litixio sobre a propiedade.
- Aproximadamente o 63% das adicións producidas no inmovilizado material durante o exercicio ao que se refiren as presentes Contas Anuais financiáronse con subvencións de capital (véxase Nota IX).
- A Fundación ten subscritas dúas pólizas de seguro, unha de responsabilidade civil xeral e outra de multiriscos empresarial de edificios e instalación que abarca a totalidade das instalacións e edificios, os fondos bibliográficos depositados e os distintos equipamentos instalados.
- Ao 31 de decembro de 2015 e 2014, a Fundación tiña fondos bibliográficos considerados Bens de Patrimonio Histórico por importe de 323.987 euros, sen que se teña que referir ningunha circunstancia substantiva en relación aos mesmos. Os citados fondos encóntranse depositados na Biblioteca de Galicia.



- A totalidade dos activos están afectos ou ben á actividade propia ou ás explotacións económicas.
- Ao 31 de decembro de 2015 e 2014, a Fundación mantíña no seu inmovilizado material determinados bens totalmente amortizados que seguen en uso, cuxos valores totais de custo e da súa correspondente amortización acumulada ascenden a 1.729.018 e 1.237.765 euros, respectivamente, segundo o seguinte detalle:

Descrición	Euros	
	2015	2014
Instalacións técnicas	6.357	6.357
Outras instalacións e moblaxe	239.569	189.271
Equipos para procesos de información	1.357.373	962.193
Elementos de transporte	30.000	30.000
Outro inmovilizado material	95.719	49.944
Total	1.729.018	1.237.765

VI.- ARRENDAMENTOS

A fundación ten celebrados contratos de arrendamento operativo (arrendamento de fotocopiadoras) que supuxeron un gasto de 6.630 euros no exercicio 2015 (6.329 euros no exercicio 2014) e que figuran rexistrados baixo a rúbrica "Outros Gastos da Actividade" da Conta de Resultados Abreviada adxunta. Os compromisos a menos de un ano dende o peche do exercicio 2015 ascenden a 8.116 euros, e 3.745 euros entre un e cinco anos.

Por outra banda, na súa condición de arrendadora, a Fundación rexistrou os ingresos derivados da cesión a terceiros de parte dos espazos dispoñibles no complexo da Cidade da Cultura de Galicia, importe polo que se teñen devindicados 519.339 euros no exercicio 2015 (456.740 no exercicio 2014), e que figuran rexistrados baixo o epígrafe "Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil", da Conta de Resultados Abreviada adxunta. Ao peche do exercicio, a Fundación ten contratado con terceiros as seguintes cotas de arrendamento mínimas, sen ter en conta incrementos por IPC, actualizacións de rendas futuras, ou previsibles renovacións:



	Euros	
	2015	2014
A menos dun ano	529.320	589.886
Entre un e cinco anos	2.088.482	2.657.212
Total	2.617.802	3.247.098

VII.- INVESTIMENTOS FINANCIEROS (LONGO E CURTO PRAZO)

O saldo ao peche do exercicio 2015 por investimentos financeiros a longo prazo, que ascende a 16 euros (mesmo importe que no 2014) correspóndese con fianzas constituídas pola Fundación sen vencemento definido, toda vez que están vinculados aos contratos que afianzan devanditos importes. Dada a súa natureza, a rendibilidade é nula. Por outra banda, non se teñen recoñecidos nestes epígrafes deterioración durante o exercicio nin existen riscos de liquidez, mercado ou tipo de interese en relación aos mesmos.

O saldo da rúbrica inversións financeiras a curto prazo, por importe e 3.227.900 euros o peche do exercicio 2015 (sen saldo ao peche do exercicio precedente) se corresponde con imposicións a prazo fixo en distintas entidades bancarias que teñen vencemento de seis meses dende a data de contratación, teñen intereses de mercado e proceden do traspaso de fondos de Fundación Gaiás-Cidade da Cultura (véxase Nota I).

Información sobre natureza e nivel de risco dos instrumentos financeiros-

Información cualitativa

A Xestión dos riscos financeiros da Fundación está centralizada na Dirección Financeira e no Padroado, os cales teñen establecidos os mecanismos necesarios para controlar a exposición aos riscos de crédito e liquidez. A continuación indícanse os principais riscos financeiros que teñen impacto na Fundación:

1.-Risco de crédito:

Con carácter xeral a Fundación mantén a súa tesourería e activos líquidos equivalentes en entidades financeiras de elevado nivel de solvencia.

Adicionalmente, hai que indicar que non existe un risco significativo de crédito, xa que practicamente a totalidade do saldo incluído como "Debedores comerciais e outras contas a cobrar" correspóndese con saldos coa Xunta de Galicia por subvencións concedidas á Fundación.

2.-Risco de liquidez:



Co fin de asegurar a liquidez e poder atender tódolos compromisos de pagamento que se derivan da súa actividade a Fundación dispón de tesourería que mostra o Balance adxunto.

VIII.- EXISTENCIAS, DEBEDORES COMERCIAIS, OUTRAS CONTAS A COBRAR E RESTO DO ACTIVO CORRENTE

O saldo do epígrafe "Existencias" ascende ao 31 de decembro de 2015 a 41.255 euros (111.038 euros ao 31 de decembro de 2014) e correspóndese co valor ao peche do exercicio das existencias de publicacións e outro material para a venda aos usuarios e visitantes do complexo Cidade da Cultura de Galicia. Ata o exercicio precedente a política da Fundación foi rexistrar o deterioro, reversible, daqueles elementos que non tiveron movemento durante o exercicio que se pechaba, se ben, no exercicio 2015 modificouse o devandito criterio para pasar a rexistrar o deterioro de aqueles elementos que non tiveron saída exclusivamente vía venda.

O saldo do epígrafe "Debedores varios" do Balance ao 31 de decembro de 2015 que ascende a 154.451 euros (994.445 euros ao peche do exercicio 2014) está integrado, na súa meirande parte, polos importes adebedados á Entidade polos colaboradores da Fundación.

O saldo do epígrafe "Outros créditos coas Administracións Públicas" dos Balances adxuntos ao 31 de decembro de 2014 e 2015 está integrado polos importes a devolver pola Facenda Pública en concepto de devolución de impostos (Imposto sobre o valor engadido e Imposto sobre Sociedades) por importe de 276.013 euros (345.217 euros ao remate do exercicio 2014); e máis polas subvencións pendentes de cobro ao 31 de decembro de 2015 por importe de 21.212.795 euros (20.507.317 euros ao remate do exercicio 2014).

O saldo do epígrafe "Efectivo e outros activos líquidos equivalentes" correspóndese integramente con tesourería mantida en entidades financeiras. Tal e como se indica na Nota I, asociado ao importe percibido da Fundación Galás-Cidade da Cultura, existe un compromiso de utilización por parte de Fundación.

E por último, dentro do epígrafe "Periodizacións a curto prazo" dos Balances adxuntos ao 31 de decembro de 2015 e 2014, recóllense periodizacións derivadas de contratos de seguro, mantemento ou programas propios da Fundación con vixencia máis aló do peche do exercicio ao que se refiren as presentes Contas Anuais e inferior a 12 meses, así como outros pagos anticipados da mesma natureza por importe de 2.319 euros ao remate do exercicio 2015 (1.767 euros ao peche do exercicio 2014).



IX.- PATRIMONIO NETO

Os movementos habidos durante os exercicios 2015 e 2014 nas distintas contas que integran este epígrafe do Balances adxuntos ao 31 de decembro de 2015 e 2014, recóllense nos seguintes cadros:

2014	DOTACIÓN FUNDACIONAL	EXCEDENTE DE EXERCICIOS ANTERIORES	EXCEDENTE DO EXERCICIO	SUBVENCIONS, DOAZONS E LEGADOS RECIBIDOS	TOTAL
TOTAL (SALDO 01.01.14)	61.170.484	-456.529	34.682	234.791.543	295.540.180
ACHEGAS DOT. FUNDACIONAL	-	-	-	-	-
APLICACIÓN EXCEDENTE EXERCICIOS ANTERIORES	-	34.682	-34.682	-	-
EXCEDENTE DO EXERCICIO	-	-	-12.129.922	-	-12.129.922
INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS NO PATRIMONIO NETO	-	-	-	-14.261.181	-14.261.181
TOTAL (SALDO 31.12.14)	61.170.484	-421.847	-12.129.922	220.530.362	269.149.077

2015	FONDO FUNDACIONAL	EXCEDENTE EXERCICIOS ANTERIORES	EXCEDENTE DO EXERCICIO	SUBVENCIONS DOAZONS E LEGADOS	TOTAL
TOTAL (SALDO 01.01.15)	61.170.484	-421.847	-12.129.922	220.530.362	269.149.077
ACHEGAS DOT. FUNDACIONAL	-	-	-	-	-
APLICACIÓN EXCEDENTE EXERCICIOS ANTERIORES	-	-12.129.922	12.129.922	-	-
EXCEDENTE DO EXERCICIO	-	-	-1.606.930	-	-1.606.930
INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS NO PATRIMONIO NETO	-	-	-	7.502.861	7.502.861
TOTAL (SALDO 31.12.15)	61.170.484	-12.551.769	-1.606.930	228.033.223	275.045.008

1.- DOTACIÓN FUNDACIONAL

O epígrafe "Dotación Fundacional" recolle a dotación inicial achegada pola Xunta de Galicia no acto fundacional, incrementada coas sucesivas contribucións achegadas por esta mesma Administración con posterioridade e pola parte do excedente de exercicios precedentes destinado, de conformidade cos estatutos da Fundación, ao incremento desta partida do Balance. A data de peche do exercicio non se atopaba pendente de desembolso cantidade ningunha.



Segundo se indica nos estatutos da Fundación, en caso de extinción da mesma, o patrimonio neto resultante da liquidación dos bens pasará a formar parte dunha Institución que persiga fins de interese xeral, neste caso a Xunta de Galicia.

2.- EXCEDENTES

O desaforro obtido no exercicio 2014, que ascendeu 12.129.922 euros, tense acordado na reunión do Padroado do 12 de xuño de 2015 mantelo no Balance dentro do epígrafe "Excedente de exercicios anteriores" co obxecto de compensalo con eventuais aforros futuros, feito que se producirá posiblemente no momento en que se teña producida a reversión do deterioro da obra en curso o despexarse o futuro da parte do proxecto de construción do Complexo hoxe paralizado (véxase Nota V.2).

O desaforro obtido no exercicio 2015, que ascende a 1.606.930 euros, proporase ao Padroado mantelo no Balance dentro do epígrafe "Excedente de exercicios anteriores" co obxecto de compensalo con eventuais aforros futuros.

3.- SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS RECIBIDOS

O detalle do movemento durante os exercicios 2015 e 2014 neste epígrafe do Balance é o seguinte (en euros):

2014	SALDO	ADICIÓN	IMPUTACIÓN	SALDO
	01/01/2014			A RTDOS.
SUBVENCÍONS DE CAPITAL	230.520.388	4.875.827	-22.248.198	213.148.017
OUTROS INGR. A DISTRIBUIR	4.271.155	3.111.190	-	7.382.345
TOTAL	234.791.543	7.987.017	-22.248.198	220.530.362

2015	SALDO	ADICIÓN	IMPUTACION	SALDO
	01/01/2015			A RTDOS.
SUBVENCÍONS DE CAPITAL	213.148.017	2.952.631	-8.582.853	207.517.795
OUTROS INGR. A DISTRIBUIR	7.382.345	13.133.083	-	20.515.428
TOTAL	220.530.362	16.085.714	-8.582.853	228.033.223

Durante o exercicio 2015 a Fundación recibiu da Xunta de Galicia Subvencións de Capital por importe de 2.727.065 euros (4.875.827 euros no exercicio 2014) e da AMTEGA por importe de 225.566 euros, tendo cumpridas a Fundación todas as condicións para que se produza o cobro efectivo das mesmas.

As subvencións de capital impútanse a resultados en proporción á depreciación experimentada polos activos que financian.



Subliñar igualmente que a Fundación recibiu no exercicio 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a cantidade de 4.555.156 euros (4.253.231 euros no exercicio 2014) en concepto de subvencións imputables directamente á Conta de Resultados Abreviada, segundo os criterios de contabilidade xeralmente aceptados; así como 1.500.000 euros (1.800.000 euros no exercicio 2014) da Fundación Galás para a execución de programas e actividades. Igualmente, no exercicio 2015 a Fundación recibiu subvencións por importe de 270.000 euros de varias organizacións para o patrocinio da exposición "Camiño. A Orixe" e 6.852 euros doutras organizacións, que se levaron integramente a resultados no exercicio 2015. Durante o exercicio 2014 a Fundación recibiu tres subvencións por importe total de 90.000 euros doutros entes.

A imputación a resultados do exercicio 2014 inclúe a parte corresponde asociada a deterioración rexistrada no inmovilizado material durante o exercicio 2014 (véxase Nota V.2).

A partida de outros ingresos a distribuír en varios exercicios reflicte o valor venal do terreo no que se asenta a Cidade da Cultura de Galicia (cunha extensión de 691.965 m²), cedido gratuitamente por Abanca e pola Administración por importe de 7.365.931 euros. Na medida en que a súa contrapartida no activo non se amortiza, por tratarse de terreos, tampouco se imputou a resultados cantidade algunha. As adicións do exercicio 2014 correspondían co aboado pola Administración no proceso expropiatorio (do que a Fundación foi nomeada beneficiaria) do resto do terreo onde se asenta o Complexo e que ascendeu a 3.094.776 euros (véxase Nota V.2), e que xunto cunha doazón da empresa Finsa por importe de 16.414 euros conforman a totalidade das adicións do exercicio 2014 (3.111.190 euros). Na medida en que as contrapartidas no activo nos se amortizan, por tratarse de terreos, tampouco se imputou a resultados cantidade algunha.

As adicións do exercicio 2015 se corresponden co patrimonio resultante da liquidación da Fundación Galás, da que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi nomeada beneficiaria. O importe, que ascende a 13.133.083 euros, imputaranse a resultados nos exercicios en que se acomentan os gastos culturais ós que o devandito ingreso a distribuír (véxase Nota I).

X.- PASIVO NON CORRENTE

O saldo do epígrafe "Débedas a longo prazo" deste capítulo recolle fundamentalmente ao 31 de decembro de 2015 e 2014, a fianza entregada pola sociedade Eisenman Architects, P.C. (*sociedade encargada do deseño da Cidade da Cultura de Galicia*) por importe de 83.561 euros para garantir o cumprimento do contrato de consultaría e asistencia asinado no ano 2002 para a redacción do proxecto de execución das obras da Cidade da Cultura. Dita garantía será devolta no momento en que se rematen as obras. O resto ata o importe de 87.436 euros correspondese coas entregas en efectivo das fianzas por algún dos arrendatarios de parte do Complexo.

No mesmo capítulo, pero baixo o epígrafe "Provisións a longo prazo" inclúese a provisión para responsabilidades que, de acordo co criterio dos asesores legais da



Fundación, dotouse con cargo a Conta de Resultados Abreviada no exercicio 2014 para cubrir as eventuais responsabilidades derivadas das reclamacións presentadas perante a xurisdición laboral de distintos provedores da Fundación vencellados á atención os visitantes por importe de 23.182 euros. Dita provisión actualizouse no exercicio 2015 por importe de 369.889 euros con cargo ao epígrafe "Outros resultados" da Conta de Resultados Abreviada adxunta, ata acadar un importe total de 393.071 euros, para incorporar o risco derivado de novas demandas presentadas por outros prestadores de servizos na que reclaman a laboralidade da súa relación contractual coa Fundación. Adicionalmente, tamén dotouse no exercicio 2014 unha provisión por importe de 371.348 euros para cubrir o risco derivado do cambio de criterio da Administración Tributaria posta de manifesto co gallo dunha inspección polo concepto IVE/2012, ao considerar a AEAT non deducible (sen sanción) o IVE soportado en certas operacións realizadas pola Entidade (véxase Nota XII).

A Fundación non asumiu débeda algunha a longo prazo, nin con garantía real. De acordo coa lexislación vixente (capítulo IV da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións), ao peche do exercicio 2015 a constitución, modificación ou extinción de cargas duradeiras sobre bens para a realización de fins de interese xeral haberá de constar en escritura pública. Asemade, a constitución de cargas ou gravames, ou a celebración de contratos de crédito ou financiamento, requirirán acordo do Padroado e voto a favor do Presidente e mailo Vicepresidente do mesmo.

XI.- PASIVO CORRENTE

O epígrafe "Débedas a curto prazo" inclúe o saldo adebedado aos provedores por adquisicións de inmovilizado por importe de 3.447.293 euros (942.744 euros ao peche do exercicio 2014).

Dentro do epígrafe "Acredores comerciais e outras contas a pagar" inclúese, ademais dos saldos adebedados aos acredores varios por importe de 1.520.691 euros (1.359.150 euros o peche do exercicio 2014), as débedas coas Administracións Públicas. En concreto, inclúense ao 31 de decembro de 2015, as débedas por retencións á conta do IRPF por importe de 52.915 euros (60.196 euros ao 31 de decembro de 2014); débedas por IVE por importe de 140.300 euros (258.782 euros o peche a 31 de decembro de 2014) e saldos pendentes coa Seguridade Social por importe de 11.815 euros (20.648 euros ao 31 de decembro de 2014). Os devanditos saldos canceláronse, en tempo e forma, con posterioridade ao peche do exercicio.

Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores:

Segundo a disposición adicional terceira sobre o deber de información da Lei 15/2010 do 5 de xullo, a empresa comunica que os pagos realizados son os indicados a continuación:



	2015
Periodo medio de pago a Proveedores	44,01
Ratio operación pagadas	48,42
Ratio de operación pendentes de pago	24,90
Total pagos realizados	6.494.784
Total pagos pendentes	1.498.571

Non se recolle a información correspondente o exercicio anterior toda vez que é o primeiro exercicio de aplicación da Resolución do 29 de xaneiro de 2016, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, sobre a información a incorporar na memoria das contas anuais en relación co período medio de pago a provedores en operacións comerciais. As presentes contas anuais poden calificarse como iniciais, a istos exclusivos efectos.

(*) O prazo máximo legal de pago considerado para a presentación da anterior información da Fundación segundo a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e conforme ás disposicións transitorias establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, é de 60 días tendo en conta o ditame da "Junta Consultiva de Contratación Administrativa" no informe Informe JCCA 58/10.

Os saldos anteriores fan referencia aos provedores que pola súa natureza son acredores comerciais por débedas con subministradores de bens e servizos, de modo que inclúe os datos relativos ao epígrafe "Acredores comerciais e outras contas a pagar" do pasivo corrente do Balance adxunto.

XII.- SITUACIÓN FISCAL

A Fundación acolleuse á Lei 49/2002, do 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, que establece o réxime tributario especial para as fundacións, que inclúe a exención parcial no Imposto sobre Sociedades sempre que se cumpran unha serie de requisitos establecidos na propia Lei. Así mesmo, e con determinadas condicións, poden gozar de exención noutros impostos.

De acordo con esta Lei, considéranse exentas do Imposto de Sociedades as rendas derivadas de ingresos por donativos e doazóns recibidas para colaborar nos fins da entidade, as derivadas das cotas satisfeitas polos asociados, colaboradores ou benfeitores, e as derivadas de subvencións, salvo que se destinen a financiar a realización de explotacións económicas non exentas. Así mesmo, estarán exentas as rendas procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da Fundación (como son os dividendos e participación en beneficios de sociedades, intereses, canons e cesións de uso de espazos), as derivadas de adquisicións ou de transmisións de bens ou dereitos, as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas no artigo 7 da Lei e as que de acordo coa normativa tributaria deban ser atribuídas ou imputadas ás entidades sen fins lucrativos e que procedan de rendas exentas incluídas nalgún dos puntos anteriores.



Tódalas actividades, incluídas as explotacións económicas, que a Fundación realizou no exercicio 2015 en cumprimento dos seus fins fundacionais son actividades exentas do Imposto sobre Sociedades e, en consecuencia, para determinar a base imponible consideráronse tódolos gastos como non deducibles e tódolos ingresos como non computables fiscalmente.

O imposto sobre Sociedades calcúlase sobre o resultado contable, obtido pola aplicación dos Principios de Contabilidade xeralmente aceptados, sen que necesariamente teña que coincidir co resultado fiscal, entendendo este como base imponible do Imposto sobre Sociedades.

A conciliación do resultado contable antes de impostos e a base imponible no exercicio 2014 e 2015 é como segue:

Exercicio 2014-

RESULTADO CONTABLE ANTES DE IMPOSTOS	-12.129.922 euros
<u>GASTOS DESTINADOS A FINS NON LUCRATIVOS</u>	<u>41.141.551 euros</u>
<u>INGRESOS EXENTOS OBTIDOS</u>	<u>-29.011.629 euros</u>
<u>BASE IMPONIBLE</u>	<u>- euros</u>

Exercicio 2015-

RESULTADO CONTABLE ANTES DE IMPOSTOS	-1.606.930 euros
<u>GASTOS DESTINADOS A FINS NON LUCRATIVOS</u>	<u>17.062.313 euros</u>
<u>INGRESOS EXENTOS OBTIDOS</u>	<u>-15.455.383 euros</u>
<u>BASE IMPONIBLE</u>	<u>- euros</u>

Os axustes permanentes reflicten a aplicación do réxime contido na Lei 49/2002 (véxase Nota IV-9).

A Fundación ten abertos á inspección as declaracións efectuadas dos imposto aos que está suxeita durante os catro últimos exercicios, así como ao Imposto de Sociedades corresponde ao exercicio 2011. A Xerente da Fundación considera que se practicaron axeitadamente as liquidacións polo que estima que non se porán de manifesto pasivos que puideran ter un efecto significativo sobre as presentes Contas Anuais tomadas no seu conxunto.

Con posterioridade ao peche do exercicio, en prazo e forma, a Fundación liquidou o importe a pagar ás Administracións Públicas.

En relación o IVE, a Entidade atendeu durante o exercicio 2014 unha inspección tributaria por este concepto relativo o exercicio 2012 tributario na que a Inspección



puxo de manifesto, e levantou acta en consecuencia (en disconformidade e sen sanción), que non tiña a consideración de IVE deducible o soportado nas adquisicións de bens e servizos destinados as distintas actividades culturais e artísticas organizadas pola Fundación (nin procedía, de xeito correlativo, a repercusión nos ingresos recadados pola Entidade no marco das mesmas actividades). A Entidade ten recurrida a denvandita liquidación por entender que non se axusta a dereito, se ben, e como reflexo do principio de prudencia, procedeu a contabilizar o IVE soportado nese tipo de operacións no exercicio 2014 como maior custo dos bens e servizos, e paralelamente, a dotar con cargo a Conta de Resultados Abreviada correspondente a 2014, unha provisión por importe de 371.348 euros para cubrir o impacto que tería o criterio da AEAT en termos de custo dos bens e servizos adquiridos nos exercicios precedentes (véxase Nota X). Á data das presentes Contas Anuais todavía non ten recaída resolución sobre o antedito recurso.

XIII.- GARANTÍAS E OUTROS PASIVOS CONTINXENTES

Ao peche do exercicio, a Fundación non prestou garantía ningunha a favor de terceiros.

XIV.- INGRESOS E GASTOS

A. O despezamento do epígrafe "Outros gastos da actividade" no exercicio 2015 foi o seguinte:

	<u>EUROS</u>
Arrendamentos e canons	6.630
Reparacións e conservación	710.234
Servizos de profesionais independentes	278.242
Transportes	1.694
Primas de seguros	74.512
Subministracións	1.687.690
Outros servizos	1.359.350
Outros tributos	-114.165
Outros gastos de xestión corrente e vinculados aos programas propios da Entidade	2.327.034
	<u>6.331.221</u>

No exercicio 2014 foi como se indica a continuación:

	<u>EUROS</u>
Arrendamentos e canons	6.329



Reparacións e conservación	635.222
Servizos de profesionais independentes	199.494
Transportes	118
Primas de seguros	74.507
Subministracións	1.894.584
Outros servizos	1.080.577
Outros tributos	75.409
Outros gastos de xestión corrente e vinculados aos programas propios da Entidade	2.559.699
	<u>6.525.939</u>

A partida de aprovisionamentos correspóndese coas compras de materiais para a venda nas exposicións e outros materiais de agasallo.

- B. Unha parte significativa dos ingresos que reflexa a Conta de Resultados Abreviada adxunta son de natureza financeira, derivados de subvencións concedidas pola Xunta de Galicia.

No epígrafe "Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados ao excedente do exercicio" da Conta de Resultados Abreviada adxunta rexístranse as cantidades que a Fundación recibiu no exercicio 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia por importe de 4.555.156 euros (4.253.231 euros no exercicio 2014) en concepto de subvencións imputables directamente á Conta de Resultados Abreviada, segundo os criterios de contabilidade xeralmente aceptados. Igualmente, no exercicio 2014 a Fundación recibiu tres subvencións por importe de 90.000 euros doutros entes.

Adicionalmente, no epígrafe "Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións" rexístrase un importe 1.500.000 euros (1.800.000 euros no exercicio 2014) devindicado en virtude dun convenio de colaboración coa Fundación Gaias para o desenvolvemento de diversas actividades culturais. Igualmente, no exercicio 2015 a Fundación recibiu subvencións por importe de 270.000 euros de varias organizacións para o patrocinio da exposición "Camiño. A Orixe" e 6.852 euros doutras organizacións, que se levaron integramente a resultados no exercicio 2015.

- C. A actividade económica realizada pola Fundación céntrase nos ingresos por cesión de uso de determinados espazos da Cidade da Cultura de Galicia, así como pola venda entradas, catálogos e outros ingresos relacionados coas exposicións e outros eventos. Os ingresos por estes conceptos figuran rexistrados baixo o epígrafe "Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil" por importe de 535.276 euros no exercicio 2015 (493.667 euros no exercicio 2014).

- D. A partida de Gastos de persoal, no exercicio 2015, detállase como segue:

Euros



Soldos e salarios	462.005
Seguridade Social	<u>119.934</u>
	<u>581.939</u>

O mesmo detalle para o exercicio 2014 é como segue:

	<u>Euros</u>
Soldos e salarios	430.709
Seguridade Social	<u>127.556</u>
	<u>558.265</u>

O número medio de traballadores durante o exercicio 2015 foi de 13 persoas, co seguinte detalle:

CATEGORÍA/NIVEL	MULLERES	HOMES
ALTA DIRECCIÓN	2	3
TÉCNICOS	0	1
ADMINISTRACIÓN/OUTROS	5	2
TOTAL	7	6

E a distribución por sexos e categorías ao 31 de decembro de 2015 foi como segue:

CATEGORÍA/NIVEL	MULLERES	HOMES
ALTA DIRECCIÓN	2	3
TÉCNICOS	0	1
ADMINISTRACIÓN/OUTROS	5	3
TOTAL	7	7

O número medio de traballadores durante o exercicio 2014 foi de 13 persoas, co seguinte detalle:

CATEGORÍA/NIVEL	MULLERES	HOMES
ALTA DIRECCIÓN	2	3
TÉCNICOS	0	1
ADMINISTRACIÓN/OUTROS	5	2
TOTAL	7	6



E a distribución por sexos e categorías ao 31 de decembro de 2014 foi como segue:

CATEGORÍA/NIVEL	MULLERES	HOMES
ALTA DIRECCIÓN	2	3
TÉCNICOS	0	1
ADMINISTRACIÓN/OUTROS	5	2
TOTAL	7	6

Durante os exercicios 2015 e 2014, tres dos traballadores da Entidade dentro da categoría de persoal administrativo teñen discapacidade superior o 33%.

Durante o exercicio 2015 os órganos de goberno, dirección e representación da Fundación non sufriron mais cambios que a ampliación do número de membros do Padroado que na actualidade esta formado por un Presidente de Honra, un Presidente do Padroado, un Vicepresidente, un Secretario e 15 vogais (12 vogais no exercicio 2014).

- E. Non existen activos específicos dedicados á protección e mellora do medio ambiente, nin a Fundación incorreu en gastos desta natureza durante os exercicio 2014 e 2015, nin percibiu subvencións de natureza ambiental. A Xerencia non considera necesario dotar provisión específica de carácter ambiental, toda vez que os técnicos da Fundación non consideran que existan continxencias significativas en relación coa protección do medio ambiente.
- F. As Contas Anuais dos exercicios 2015 y 2014 recollen as cantidades facturadas por Deloitte S.L, encargada pola Fundación para auditoría das Contas Anuais dos citados exercicios, así como por aquelas outras sociedades coas que a devandita empresa mantén algún dos vínculos aos que fai referencia a Disposición adicional décima da Lei de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro, e cuxos honorarios e gastos de servizos profesionais pola auditoría do exercicio 2015 rexistrados na Conta de Resultados Abreviada adxunta ascenderon a 16.999 euros, IVE incluído (o mesmo importe no exercicio 2014).
- G. Na partida "Outros resultados" da Conta de Resultados Abreviada correspondente o exercicio 2015, ademáis da dotación as provisións a longo prazo (véxase Nota X), figuran rexistrados os xuros estimados pola liquidación do Museo (véxase nota XIII), gastos de exercicios anteriores por importe de 4.581 euros (6.496 euros no exercicio 2014) e ingresos de exercicios anteriores por importe de 23.287 euros (14.558 euros no exercicio 2014).



XV.- RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DO PADROADO DA FUNDACIÓN E DO PROTECTORADO.

O Padroado da Fundación, que é o seu órgano de goberno, administración e representación, está integrado polos Patróns fundadores e máis as incorporacións posteriores ao acto constitutivo.

O Protectorado da Fundación da Cidade da Cultura de Galicia, como o das demais fundacións de índole cultural de ámbito galego, exerceo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, á que lle corresponden as funcións que prevé para esta función a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, e o resto da lexislación concordante. Terase en conta o establecido ao respecto do Padroado e do Protectorado na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, especialmente nos seus Capítulos III e VIII.

O protectorado non concedeu autorizacións durante o exercicio sobre cuestións da súa competencia, nin existe ningunha en curso ao peche do exercicio 2015.

Os Patróns da Fundación exercen o seu cargo gratuitamente. Se ben teñen dereito a seren reembolsados polos gastos debidamente xustificadas polo desempeño das funcións correspondentes ao seu cargo, non se devindicou cantidade algunha por este concepto durante o exercicio ao que se refiren as presentes Contas Anuais. Os Patróns non exercen función algunha en relación coa Fundación distinta das inherentes á súa condición de Patrón, nin se celebraron tampouco contratos entre Membros do Padroado, pola súa conta ou da de terceiros, e a Fundación.

A Xerente da Fundación devindicou durante os exercicios 2015 e 2014 un importe de 51.786 euros en concepto de retribucións. Así mesmo, a Xerente non mantiña saldos debedores ou acredores coa Fundación ao 31 de decembro de 2015 e 2014. A Fundación tampouco ten obrigas contraídas cos membros do Padroado nin coa Xerente en materia de fondos de pensións, seguros de vida ou outros similares.

Por outra banda, as remuneracións percibidas polo persoal de Alta Dirección, excluída a Xerente, ascenderon a 194.049 euros (188.802 euros no exercicio 2014) en concepto de soldos e salarios e/ou indemnizacións. A Fundación tampouco ten obrigas contraídas coa Alta Dirección en materia de fondos de pensións, seguros de vida e outras similares.

XVI.- ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN. DESTINO DAS RENDAS E INGRESOS

De acordo co artigo 35 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego (véxase Nota I), a Fundación debe destinar á realización de fins fundacionais, cando menos, o 70% das rendas e ingresos obtidos por calquera título ou causa, e despois de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos, e



o 80% segundo os seus Estatutos (véxase Nota III). Para o cálculo dos gastos realizados para a obtención das rendas e ingresos, poderá deducirse a parte proporcional de, gasto de persoal, outros gastos de explotación, outros gastos de xestión, gastos financeiros e tributos, en canto contribúan á obtención dos ingresos; excluindo do devandito cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios. Para o cálculo das rendas e ingresos non se incluírán as contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial, nin as plusvalías que puideran xerarse, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

Así mesmo, de acordo coa Lei 12/2006 de 1 de decembro, non se incluírán os ingresos obtidos na transmisión onerosa de bens inmobles nos cales a Fundación desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvesta en bens inmobles nos que concorra a devandita circunstancia.

Por outra banda, considérase destinado ao fins fundacionais o importe dos gastos e inversións realizados en cada exercicio que efectivamente contribúan ao cumprimento dos fins propios da Fundación especificados no estatutos, salvo as dotacións as amortizacións e provisións. Para determinar o cumprimento do requisito de destino das rendas e ingresos, cando as inversións destinadas a fins fundacionais foran financiadas con ingresos que deban distribuírse en varios exercicios, como subvencións, doazóns e legados recibidos, ou con recursos alleos, ditas inversións computaranse na mesma proporción en que o foran os ingresos.

O prazo máximo previsto para cumprir a obriga contida no artigo 35 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, será de catro exercicios económicos a partir do momento da súa obtención, sendo o inicial o seguinte a aquel no que se xera.

O seguinte cadro reflicte o grao de cumprimento do destino das rendas e ingresos:

EXER.	EXCEDENTE EXERCICIO	AJUSTES POSITIVOS	BASE CALCULO	RENDA A DESTINAR		RECURSOS DESTINADOS	2010	2011	2012	2013	2014	2015
				IMPORTE	%							
2010	790	6.505.733	6.506.473	5.205.178	80	6.505.733	6.505.733					
2011	5.682	11.420.343	11.426.025	9.140.820	80	11.420.343		11.420.343				
2012	281.644	16.030.503	16.312.547	13.050.038	80	16.030.503			16.030.503			
2013	34.682	15.675.020	15.709.702	12.567.762	80	15.675.020				15.675.020		
2014	- 12.129.922	41.151.551	29.021.629	23.217.303	80	- 41.151.551					41.151.551	
2015	- 1.606.930	17.062.313	15.455.383	12.364.306	80	17.062.313						17.062.313
TOTAIS	- 13.414.104	107.845.863	94.811.709	75.545.407		107.845.863	6.505.733	11.420.343	16.030.503	15.675.020	41.151.551	17.062.313

(*) PORCENTAXE EXCESO ESTABLECIDA NESTE SUPLENTE OIGUAL



XVII.- CADROS DE FINANCIAMENTO

Miles de Euros					
APLICACIONES	2.015	2.014	ORIXES	2.015	2.014
Recursos aplicados as operacións	705	739			
Adquisicións de inmovilizado, intanxible	4.779	7.923	Subvencións, doacións e legados de capital e outros.	16.086	7.987
Material	50	24	Enaxenación de inmovilizado	0	30
	4.729	7.899	Pasivo non corrente	373	222
			Cancelación Inmoviliz financeiras	0	85
Total aplicacións	5.484	8.662	Total orixes	16.459	8.324
Exceso de orixenes sobre aplicacións (aumento do capital circulante)	10.975	0	Exceso de aplicacións sobre orixes (disminución do capital circulante)		338
TOTAL	16.459	8.662	TOTAL	16.459	8.662

VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	Miles de euros			
	EXERCICIO 2015		EXERCICIO 2014	
	Aumentos	Disminucións	Aumentos	Disminucións
Existencias	0	70		
Debedores	0	204	0	793
Acredores	0	2.531	7	0
Investimentos financeiros temporais	3.228		0	1
Tesourería.	10.551	0	449	0
Axustes por periodificación.	1	0	0	0
Total	13.780	2.805	456	794
Disminución/Aumento Circulante	0	10.975	338	
Total	13.780	13.780	794	794



XVIII.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

Euros			
	Notas da Memoria	2015	2014
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN (I):			
Excedente do exercicio antes de impostos		-1.606.930	-12.129.922
Axustes ao resultado-		1.340.785	11.667.069
Amortización do inmovilizado	V.1 e V.2	9.483.534	8.933.520
Correccións valorativas por deterioro		74.860	24.628.602
Variación de provisións		369.889	394.530
Imputación de subvencións, doazóns e legados	IX.3	-8.582.853	-22.248.198
Resultados por enaxenacións do inmovilizado		-	-45.935
Ingresos financeiros		-4.830	4.550
Gastos financeiros		40	-
Diferenzas de cambio		145	-
Cambios no capital corrente-		-9.525.364	-6.125.596
Existencias		-5.077	-23.532
Debedores e outras contas a cobrar		-9.549.950	-6.007.738
Outros activos correntes		-552	891
Acredores e outras contas a pagar		26.945	17.597
Outros pasivos correntes		-	-25.000
Outros pasivos non correntes		3.270	-172.864
Outros activos non correntes		-	85.050
Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación-		4.645	-4.550
Pagos de intereses		-185	-
Cobramentos de intereses		4.830	-4.550
Total fluxos de efectivo das actividades de explotación:		-9.786.864	-6.592.999
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN (II):			
Pagos por investimentos-		-2.274.242	-4.828.101
Inmovilizado intanxible		-49.938	-23.532
Inmovilizado material		-2.224.304	-4.804.569
Cobros por desinvestimentos		-	75.990
Inmovilizado material		-	75.990
Total fluxos de efectivo das actividades de inversión:		-2.274.242	-4.752.111
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO (III):			
Cobramentos e pagos por operacións de patrimonio-		22.612.244	11.793.998
Subvencións, doazóns e legados recibidos	VIII	22.612.244	11.793.998
Total fluxos de efectivo das actividades de financiamento:		22.612.244	11.793.998
EFFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO (IV)			
AUMENTO/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (I+II+III+IV)		10.551.138	448.886
Efectivo ou equivalentes ao comezo do exercicio		1.045.744	596.858
Efectivo ou equivalentes ao peche do exercicio		11.596.882	1.045.744

XIX.- ACTIVIDADE DA ENTIDADE. LIQUIDACIÓN ORZAMENTO

O orzamento da Fundación correspondente ao exercicio 2015 elaborouse seguindo o Principio do Devindicado, segundo o establece a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, desenvolta polo Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, de maneira que os ingresos e gastos orzamentarios recóllense en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Nos gastos e ingresos orzamentarios diferéncianse dous niveis segundo a natureza das operacións que dan orixe a estas. Así aparecen, en primeiro lugar, as operacións de funcionamento, que corresponden ás recollidas na Conta de Resultados Abreviada, logrando desta forma a conciliación entre o resultado contable e a liquidación desta parte do orzamento, e en segundo termo aquelas relacionadas coas magnitudes fondo, para as que se empregan as partidas do Balance que poidan producir variacións orzamentarias.

A liquidación do orzamento correspondente o exercicio 2014 é como segue:

Operacións de funcionamento	Miles de euros		
	GASTOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
Gastos de persoal	553	558	5
Amortizacións	9.226	8.934	-292
Servizos externos e outros gastos	5.902	31.650	25.748
TOTAL GASTOS EN OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO	15.681	41.142	25.461
	INGRESOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
	Subv., doazóns e legados á explotación	4.253	4.253
Outros ingresos	2.202	2.505	303
Ingresos financeiros		5	5
Subv. de capital transferidas o resultado do exercicio	9.226	22.249	13.023
TOTAL INGRESOS EN OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO	15.681	29.012	13.331



Operacións de fondos	Miles de euros		
	GASTOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
Subv. doazóns e legados de capital	4.990	7.987	2.997
Variación capital de funcionamento	0	338	338
Canc. Inmovilizacións financ. e outros		337	337
TOTAL GASTOS EN OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO	4.990	8.662	3.672
	INGRESOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
	Investimentos reais	4.990	7.923
Recursos aplicados as operacións	0	739	739
TOTAL INGRESOS EN OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO	4.990	8.662	3.672

A principal desviación tense producido polas coberturas do deterioro do inmovilizado en curso (véxase Nota V) e máis pola incorporación o Balance da entidade do resto dos terreos expropiados sobre os que se asenta a Cidade da Cultura de Galicia.

Pola súa banda, a liquidación do orzamento de 2015 foi como segue:

Operacións de funcionamento	Miles de euros		
	GASTOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
Gastos de persoal	553	582	29
Amortizacións	9.226	9.484	258
Servizos externos e outros gastos	6.794	6.997	203
TOTAL GASTOS EN OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO	16.573	17.063	490
	INGRESOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
	Subv., doazóns e legados á explotación	4553	4555
Outros ingresos	2791	2313	-478
Ingresos financeiros	3	5	2
Subv. de capital transferidas o resultado do exercicio	9226	8583	-643
TOTAL INGRESOS EN OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO	16.573	15.456	-1.117



Operacións de fondos	Miles de euros		
	GASTOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
Subv. doazóns e legados de capital	2.163	16.086	13.923
Variación capital de funcionamento	0	-10.973	-10.973
Canc. Inmovilizacións financ. e outros	0	373	373
TOTAL GASTOS EN OPERACIONES DE FONDOS	2.163	5.486	3.323
	INGRESOS FUNCIONAMENTO		
	PRESUPOSTO	REALIZADO	DESVIACION
	Investimentos reais	2.163	4.779
Recursos aplicados as operacións	0	707	707
TOTAL INGRESOS EN OPERACIONES DE FONDOS	2.163	5.486	3.323

A principal desviación no exercicio 2015 tense producido na subvencións, doazóns e legados recibidos, consecuencia da recepción do patrimonio resultante da liquidación da Fundación Galás, o que determinou, tamén un notable incremento do Fondo de Manobra. No eido das aplicacións, a principal desviación ven como resultado da incorporación do importe da liquidación do Museo.

XX.- ELEMENTOS PATRIMONIAIS. INVENTARIO

O inventario da Fundación está integrado por todos os activos detallados ao longo da presente Memoria, seguindo co Decreto Lei 14/2009 que desenvolve a Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego, a continuación preséntanse os bens patrimoniais que se manteñen rexistrados ao 31 de decembro de 2015 e 2014, en euros:



Exercicio 2015-

	Euros		
	Custo / Valor Razonable	Amortización Acumulada / Deterioracións	Valor Contable
Inmobilizado intanxible	2.072.524	-1.987.849	84.675
Bens do Patrimonio Histórico	323.987	-	323.987
Inmobilizado material	312.666.670	-68.521.780	244.144.890
Inmobilizado material en curso	24.705.832	-24.705.832	-
Investimentos financeiros a longo prazo	16	-	16
Existencias, debedores comerciais e outras contas a cobrar e inversións financeiras a curto prazo	25.036.723	-119.615	24.917.108
Periodizacións a curto prazo	2.319	-	2.319
Efectivo e equivalentes de efectivo	11.596.882	-	11.596.882
	376.404.953	-95.335.076	281.069.877

Exercicio 2014-

	Euros		
	Custo / Valor Razonable	Amortización Acumulada / Deterioracións	Valor Contable
Inmobilizado intanxible	2.022.586	-1.965.524	57.062
Bens do Patrimonio Histórico	323.987	-	323.987
Inmobilizado material	307.937.817	-59.060.571	248.877.246
Inmobilizado material en curso	24.705.832	-24.705.832	-
Investimentos financeiros a longo prazo	16	-	16
Existencias, debedores comerciais e outras contas a cobrar e inversións financeiras a curto prazo	22.035.302	-71.831	21.963.471
Periodizacións a curto prazo	1.767	-	1.767
Efectivo e equivalentes de efectivo	1.045.744	-	1.045.744
	358.073.051	-85.803.758	272.269.293

XXI.- OUTRA INFORMACIÓN

No exercicio 2015, as principais actividades, os seus obxectivos e realización dos mesmos se recollen no seguinte cadro:



ACTIVIDADES REALIZADAS			
I. Actividades realizadas			
A) IDENTIFICACIÓN	B) DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN (SEGUNDO CODIFICACIÓN DO PAIF)	C) OBECTIVOS (SEGUNDO PAIF)	D) OBECTIVOS REALIZADOS
PROGRAMACIÓN CULTURAL (actividade propia)	M101. Desenvolvemento de actividades que incidan en contidos capaces de chegar a públicos diversos independentemente do seu nivel de acceso á cultura.	Nº de actividades e eventos culturais: 100	192
	M102. Consolidación do programa de visitas culturais	Visitantes ao Complexo: 420.000	95.479 os asistentes a actividades culturais. 679.418 os visitantes totais segundo datos Fundación.
	M201. Promoción de actuacións de creación artística no espazo físico do Galáa.	Actuacións de creación artística: 10	12
	M202. Promoción do encontro sistemático de creadores, industrias culturais e empresas do propio sector ou doutros sectores para identificar posibles vías de comunicación	Nº de creadores beneficiarios dos programas de encontros: 100	198
	M203. Fomento e consolidación do emprendemento.	Emprendedores instalados no CEM: 80	55 máis 30 (proxección Open Future)
RECONDUCCIÓN A UN PROXECTO RENDIBLE E SOCIALMENTE SOSTIBLE (actividade propia/mercantil (alugueiros).	M301. Impulso do programa de patrocinios	Ingresos obtidos por patrocinadores: 2.100.000,00 €	1.776.852 €
	M302. Fortalecemento do apoio social. Club Galas	Beneficiarios do Club Galas: 500	1.004
	M303. Programa de alugueiro e ocupación de espazos	Ingresos por cesión de espazos: 712.000,00 €	520.339 €

Pola súa banda, no exercicio 2014 foron:

IDENTIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN	OBECTIVO	REALIZACIÓN
PROGRAMACIÓN CULTURAL	M101. Desenvolvemento de actividades que incidan en contidos capaces de chegar a públicos diversos independentemente do seu nivel de acceso á cultura.	Nº de actividades e eventos culturais: 75	196
	M102. Consolidación do programa de visitas culturais	Visitantes á Cidade da Cultura de Galicia: 400.000	448.201
	M201. Promoción de actuacións de creación artística no espazo físico do Galáa.	Actuacións de creación artística desenvolvidas: 6	3
	M202. Promoción do encontro sistemático de creadores, industrias culturais e empresas do propio sector ou doutros sectores para identificar posibles vías de comunicación	Nº de actividades: 10	10
	M203. Promoción do espazo Coworking para iniciativas culturais-tecnolóxicas.	Coworkers e emprendedores do CEM: 80	33
	M204. Factoría TIC en colaboración coa AMTEGA	Empresas TIC instaladas na CdC: 10	7
RECONDUCCIÓN A UN PROXECTO RENDIBLE E SOCIALMENTE SOSTIBLE	M301. Impulso do programa de patrocinios	Patrocinios propios a acadar: 10,5% da programación	3,61%
	M302. Fortalecemento do apoio social. Creación do Club de fidelización Cidade da Cultura	Asociados e membros: 500	Inido maio 2015
	M303. Programa de alugueiro e ocupación de espazos	Entidades exteriores compensado gastos: 30	27
MANTEMENTO DAS INSTALACIÓN (actividade propia)	M401. Axillar os gastos de funcionamento ás demandas de explotación	Gasto en mantemento: 4.532.560,56 €	4.836.156,92 €
	M402. Manter os gastos de persoal.	Nº de postos: 13	13
URBANIZACIÓN, EQUIPAMENTOS E DOTACIÓN	M501. Continuidade das obras de urbanización, edificación e completar equipamentos	Gasto de capital: 4.990.537,00 €	4.875.850,10 €

Para o seu cumprimento, o longo de 2015, a Fundación aplicou os seguintes recursos:

RECURSOS APLICADOS NO EJERCICIO (*)	IMPORTE
GASTOS EN CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS	7.074.018
INVESTIMENTOS EN CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS	4.778.791
(*) DACORDO CO ARTI 32,6 DO REGULAMENTO DA LEI 50/2002	TOTAL 11.852.809



A mesma información relativa o exercicio 2014 é a seguinte:

RECURSOS APLICADOS NO EXERCICIO (*)	IMPORTE
GASTOS EN CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS	7.122.227
INVESTIMENTOS EN CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS	7.922.877
(*) DACORDO CO ARTI 32,6 DO REGULAMENTO DA LEI 50/2002	TOTAL 15.045.104

XXII.- FEITOS POSTERIORES

Con posterioridade ao peche do exercicio, non se produciron acontecementos de relevancia que deban ser mencionados, salvo os indicados na Memoria das presentes Contas Anuais.

